



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 08 DE NOVEMBRO DE 2022

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00049728X.

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia da convocatoria

2. DEPORTES. Referencia: 2022/00042193L.

Aprobación do texto do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e o Club Arteal Tenis de Mesa para o ano 2022.

Acórdase:

1. Aprobar o borrador de convenio co CLUB ARTEAL TENIS DE MESA.
2. Aprobar a subvención nominativa a favor da citada entidade por valor de **12.000 €** con cargo á aplicación 090 34100 4890001 do orzamento municipal do ano 2022.

3. DEPORTES. Referencia: 2022/00042208B.

Aprobación do texto do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Asociación de Padres, Profesionales y Amigos de Personas con Discapacidad Intelectual “Special Olympics Galicia” para o ano 2022.

Acórdase:

1. Aprobar o borrador de convenio con SPECIAL OLYMPICS GALICIA.
2. Aprobar a subvención nominativa a favor da citada entidade por valor de **3.500 €** con cargo á aplicación 090 34100 4890004 do orzamento municipal do ano 2022.

4. DEPORTES. Referencia: 2022/00042226Y.

Aprobación do texto do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e o Club Sociedade Deportiva Compostela para o ano 2022.

Acórdase:

1. Aprobar o borrador de convenio co CLUB SOCIEDADE DEPORTIVA COMPOSTELA.
2. Aprobar a subvención nominativa a favor da citada entidade por valor de **65.000 €** con cargo á aplicación 090 34100 4890018 do orzamento municipal do ano 2022.

5. DEPORTES. Referencia: 2022/00042224G.

Aprobación do texto do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e o Club Triatlón Santiago para o ano 2022.

Acórdase:

1. Aprobar o borrador de convenio co CLUB TRIATLÓN SANTIAGO.
2. Aprobar a subvención nominativa a favor da citada entidade por valor de **20.000 €** con cargo á aplicación 090 34100 4890010 do orzamento municipal do ano 2022.

6. DEPORTES. Referencia: 2022/00042222W.

Aprobación do texto do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e o Club Atletismo Santiago para o ano 2022.

Acórdase:

1. Aprobado o borrador de convenio co CLUB ATLETISMO SANTIAGO.
2. Aprobado a subvención nominativa a favor da citada entidade por valor de **10.000 €** con cargo á aplicación 090 34100 4890007 do orzamento municipal do ano 2022.

7. DEPORTES. Referencia: 2022/00042203Y.

Dar conta da sinatura do convenio de colaboración coa Federación Galega de Baloncesto, ano 2022

Tómase coñecemento da sinatura, o 8 de novembro de 2022, do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Federación Galega de Baloncesto, ano 2022; por unha contía de 10.000 euros.

8. DEPORTES. Referencia: 2022/00042166S.

Dar conta da sinatura do convenio de colaboración co Club Atletismo Fontes do Sar, ano 2022

Tómase coñecemento da sinatura, o 8 de novembro de 2022, do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e o Club Atletismo Fontes do Sar, ano 2022, por unha contía de 12.000 euros.

9. DEPORTES. Referencia: 2022/00043080D.

Dar conta da sinatura do convenio de colaboración co Club Ciclista Compostelano, ano 2022

Tómase coñecemento da sinatura, o 8 de novembro de 2022, do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e o Club Ciclista Compostelano, ano 2022 por unha contía de 6.000 euros.

10. DEPORTES. Referencia: 2022/00043076M.

Dar conta da sinatura do convenio de colaboración coa Agrupación Deportiva El Correo Gallego, ano 2022

Tómase coñecemento da sinatura, o 8 de novembro de 2022, do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Agrupación Deportiva El Correo Gallego, ano 2022, por unha contía de 12.000 euros.

11. DEPORTES. Referencia: 2022/00042207X.

Dar conta da sinatura do convenio de colaboración coa Federación Española de Luchas Olímpicas y DA.

Tómase coñecemento da sinatura, o 8 de novembro de 2022, do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Federación Española de Luchas Olímpicas y D.A., ano 2022, por unha contía de 10.000 euros.

12. DEPORTES. Referencia: 2022/00042206D.

Dar conta da sinatura do convenio de colaboración coa Federación Galega de Kárate e DA, ano 2022

Tómase coñecemento da sinatura, o 8 de novembro de 2022, do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Federación Galega de Karate e Disciplinas Asociadas, ano 2022, por unha contía de 5.000 euros.

13. DEPORTES. Referencia: 2022/00042205P

Dar conta da sinatura do convenio de colaboración coa Federación Española de Kárate y DA, año 2022.

Tomar coñecemento da sinatura, o 8 de novembro de 2022, do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Federación Española de Kárate y D.A., ano 2022; por unha contía de 18.000 euros.

14. DEPORTES. Referencia: 2022/00042204F.

Dar conta da sinatura do convenio de colaboración coa Federación Galega de Judo e DA, ano 2022

Tómase coñecemento da sinatura, o 8 de novembro de 2022, do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Federación Galega de Judo e D.A., ano 2022, por unha contía de 6.000 euros.

15. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2022/00041944T.

Aprobación do texto do convenio e a transferencia corrente ao Museo do Pobo Galego para o 2022.

Apróbase o texto do convenio e a transferencia corrente ao Museo do Pobo Galego por importe de 30.000 €, con imputación á aplicación orzamentaria 050 33300 4890200.

16. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2022/00012126J.

Aprobar a ampliación da dotación orzamentaria prevista na convocatoria para a concesión de bolsas de comedor adquisición de material escolar e realización de actividades extraescolares.

Acórdase:

PRIMEIRO: Aprobar a ampliación da dotación orzamentaria prevista na convocatoria para a concesión de bolsas de comedor adquisición de material escolar e realización de actividades extraescolares para o alumnado dos centros docentes públicos e privados concertados de educación infantil (segundo ciclo) e de educación primaria obrigatoria do concello de Santiago de Compostela, para o curso 2022/2023, no importe total de 130.000.- euros (39.000.-€ orzamentos ano 2022) e 91.000.-€ , orzamentos ano 2023), por existir crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 020 23100 4800100 Asistencia Social Primaria. Transferencias non Nominativas. Marxinal Accede 100029-2022

SEGUNDO.- Aprobar o seguinte:

☐ o incremento do orzamento bolsas para comedor, adquisición de material escolar e actividades extraescolares para alumnado de educación infantil (segundo ciclo) e de educación primaria de centros docentes públicos e concertados, sostidos con fondos públicos, do concello de santiago de Compostela, na cantidade de 39.000 €-, para o período setembro a novembro do 2022, con cargo á aplicación orzamentaria 020 23100 4800100/2022 pasaría de 197.569,35 € a 236.569,35 €. (197.569,35 € + 39.0000 €).

☐ o incremento do orzamento bolsas para comedor, adquisición de material escolar e actividades extraescolares para alumnado de educación infantil (segundo ciclo) e de educación primaria de centros docentes públicos e concertados, sostidos con fondos públicos, do concello de santiago de compostela, na cantidade de 91.000 euros, para o período decembro do 2022 a xuño do 2023 con cargo á mesma aplicación orzamentaria (020 23100 4800100/2023) pasaría de 467.430,65 euros a 558.430,65 euros (467.430,65 + 91.000 €), quedando supeditado este último gasto a que se consigne o correspondente crédito nos orzamentos do ano 2023.

TERCEIRO.- O presente acordo deberá publicarse no BOP segundo o previsto no punto N° 5 do artigo 58 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións, sen que dita publicidade implique a apertura dun novo prazo para presentar novas solicitudes ni o inicio dun novo cómputo de prazo para resolver.